

ACTA**Expediente nº:**

JGL/2026/23

Órgano Colexiado:

A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	12 de xuño de 2026
Duración	Dende as 13:40 ata as 14:10 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 05.06.2026****Concello de Silleda**

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 05 de xuño de 2026.

Expediente 518/2026. Oferta de Emprego Público do Concello de Silleda para o ano 2026**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Este expediente queda sobre a Mesa ó estar pendente a finalización da exposición pública da APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL (Expte. 626/2026)

Expediente 398/2026. MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado polo arquitecto Pablo Blanco Ferreiro, denominado: **MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE**, con presuposto base de licitación de 227.231,82€ (IVE INCLUÍDO).

Visto o informe técnico emitido o 10/03/2026, que consta no expediente, relativo a cumprimento do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e informe supervisión.

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente de solicitude da subvención

Vistas as Solicitudes de Autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente.

Vista a resolución de aprobación do proxecto e de Inicio do expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico asinado o 27 de marzo de 2026

Visto o informe Fase A de intervención asinado o 27 de marzo de 2026

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 01 de abril de 2026 no que se aproba o expediente de contratación e se procede a licitar publicamente o presente contrato.

Vista a acta da mesa de contratación de data 10 de xuño de 2026 que se transcribe a continuación:

“EXPEDIENTE: 398/2026

ASUNTO: MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE (Concello de Silleda).

Na casa consistorial do Concello de Silleda, o 10 de xuño de 2026 cando son as 14:00 horas,

Tipo de contrato: Contrato de obras.

Forma de adxudicación: Procedemento aberto simplificado. Tramitación anticipada.

Obxecto do contrato: MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE (Concello de Silleda).

Membros asistentes:

PRESIDENTE

D. Paula Mª Fernández Pena, Alcaldesa, que se abstén de calquer tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación.

VOCAIS

D. Déborah García Suárez, secretaria da Corporación

D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación, asiste de maneira telemática.

D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación

SECRETARIO

D. David García Lareo, administrativo da Corporación.

En sesión celebrada o 30 de abril de 2026, queda a Mesa constituída, e declara admitidas provisionalmente as seguintes proposicións:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	B94181807
HORDESCON, S.L.	B32108334

*Ao non formularse ningunha reclamación, procédese á apertura do “**SOBRE A**”, que contén a **DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR**.*

*Unha vez cualificada a documentación administrativa que as empresas aportan no “**SOBRE A**”, non se observan defectos, polo que a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros declara ADMITIDAS á licitación as seguintes proposicións:*

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	B94181807
HORDESCON, S.L.	B32108334

No mesmo sobre compróbase a documentación técnica que contén os criterios avaliáveis

mediante xuízo de valor e, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda remitir a documentación técnica incluída no “**SOBRE A**” ó redactor do proxecto, **Don PABLO BLANCO FERREIRO en representación de ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.**, para que nun prazo non superior a **7 días** realice a avaliación dos criterios suxeitos a xuízo de valor.

O 13 de maio de 2026, con rexistro de entrada nº 2026-E-RE-825, por **ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.** remítese informe de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor recolle o seguinte:

“INFORME DE CRITERIOS DE VALORACIÓN TÉCNICA DE OFERTAS PRESENTADAS

OBRA: “MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS MEIXOMENCE”
CONCELLO: SILLEDADA.

D. Ignacio J. Alonso Díaz, Enxeñeiro Técnico, Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, pertencente á empresa Estudio Técnico Gallego S.A., redacta o presente informe de valoración técnica das ofertas das empresas participantes no proceso de licitación da obra de referencia.

Criterios de adxudicación:

8.2.1.- Criterios avaliábles mediante un xuízo de valor, ata un máximo de 25 puntos.

Para a valoración deste apartado terase en conta a documentación aportada polo licitador, valorándoa da seguinte forma:

1. Análise do proxecto e da execución das obras (De 0 ata 13 puntos).

O licitador deberá demostrar que coñece e domina en profundidade o proxecto técnico que serve de base para a licitación axustándose ós requisitos mínimos establecidos. Para elo deberá describir como mínimo os elementos singulares en canto a:

- a. Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares. Debendo quedar acreditado mediante compromisos asinados polas empresas subministradoras, nos que se cite o nome desta obra. **Ata 3 puntos.**
- b. Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas. **Ata 3 puntos.**
- c. Descrición técnica adecuada dos traballos para realizar. **Ata 3 puntos.**
- d. Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, contedores, maquinaria, etc..). **Ata 2 puntos.**
- e. Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra. **Ata 2 puntos.**

2. Actuación medioambiental (de 0 a 12 puntos), co seguinte desglose:

a. Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables: **Ata 2 puntos**

b. Organización física da obra: **Ata 2 puntos**

c. A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra: **Ata 3 puntos.**

d. Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos. **Ata 2 puntos.**

e. Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar. **Ata 2 puntos.**

f. Descrición adecuada dos vertederos e centros de xestión de residuos. **Ata 1 punto**

Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada subcriterio dos dous apartados desta memoria técnica aos documentos que se desenvolvan con un alto grado de detalle, coherencia, idoneidade da proposta, coñecemento e adecuación dos estudos presentados aos contidos indicados, co 75 % da puntuación, en liñas xerais, se o contido proposto en cada un dos subcriterios do respectivo apartado é presentado de forma adecuada e de maneira satisfactoria pero non se define de forma completa ou cun alto grado de detalle, co 50 % da puntuación se o contido proposto en cada un dos subcriterios do correspondente apartado é aceptable pero insuficiente e/ou se define de forma parcial, co 25% da puntuación se o contido proposto en cada un dos subcriterios do pertinente apartado se realiza cun escaso desenvolvemento e non se puntuará no caso de que o contido proposto en cada un dos subcriterios pertencentes ao concernente apartado non se considere acertado así como no suposto de que o licitador non defina o contido do respectivo subcriterio a puntuar.

A oferta de criterios avaliábles mediante un xuízo de valor presentarase mediante unha memoria técnica. O seu formato deberá ser DIN A4 cun límite máximo de 20 páxinas (incluíndo portadas, separadores e índice), espazo dobre, letra Arial tamaño 12 e na que se describa a solución técnica proposta. Valorarase a capacidade de síntese e a claridade expositiva da proposta. Non se valorará a memoria na parte que exceda da extensión indicada. A documentación gráfica poderá presentarse en formato DIN A3.

Seguindo estas premisas e baremos, e unha vez comparada a documentación aportada polas dúas licitadoras, e analizados os diferentes puntos a valorar:

Valoración

Análise do proxecto e da execución das obras (De 0 ata 13 puntos).

a. Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares. Debendo quedar acreditado mediante compromisos asinados polas empresas subministradoras, nos que se cite o nome desta obra. **Ata 3 puntos.**

HORDESCON S.L.: capacidade de síntese e claridade expositiva da proposta regular, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 50%: 1,5 puntos

TABOADA Y RAMOS S.L.U.: capacidade de síntese boa e alta claridade expositiva da proposta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 75%: 2,25 puntos

b. *Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas.* **Ata 3 puntos.**

HORDESCON S.L.: capacidade de síntese e claridade expositiva da proposta regular, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 50%: 1,5 puntos

TABOADA Y RAMOS S.L.U.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

c. *Descrición técnica adecuada dos traballos para realizar.* **Ata 3 puntos.**

HORDESCON S.L.: capacidade de síntese e claridade expositiva da proposta regular, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 50%: 1,5 puntos

TABOADA Y RAMOS S.L.U.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

d. *Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, contedores, maquinaria, etc..).* **Ata 2 puntos.**

HORDESCON S.L.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

TABOADA Y RAMOS S.L.U.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

e. *Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra.* **Ata 2 puntos.**

HORDESCON S.L.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

TABOADA Y RAMOS S.L.U.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

LICITADORES	a)	b)	c)	d)	e)	PUNTOS
HORDESCON S.L.	1,50	1,50	1,50	2,00	2,00	8,50
TABOADA Y RAMOS S.L.U.	2,25	3,00	3,00	2,00	2,00	12,25

Actuación medioambiental (de 0 a 12 puntos).

a. Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables: **Ata 2 puntos**

HORDESCON S.L.: capacidade de síntese boa e alta claridade expositiva da proposta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 75%: 1,50 puntos

TABOADA Y RAMOS S.L.U.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva moi alta da proposta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

b. Organización física da obra: **Ata 2 puntos**

HORDESCON S.L.: capacidade de síntese moi boa e alta claridade expositiva da proposta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

TABOADA Y RAMOS S.L.U.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

c. A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra: **Ata 3 puntos.**

HORDESCON S.L.: capacidade de síntese boa e alta claridade expositiva da proposta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 75%: 2,25 puntos

TABOADA Y RAMOS S.L.U.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 3 puntos

d. Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos. **Ata 2 puntos.**

HORDESCON S.L.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

TABOADA Y RAMOS S.L.U.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

e. Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar. **Ata 2 puntos.**

HORDESCON S.L.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

TABOADA Y RAMOS S.L.U.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

f. Descrición adecuada dos vertederos e centros de xestión de residuos. **Ata 1 punto**

HORDESCON S.L.: capacidade de síntese boa e alta claridade expositiva da proposta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 75%: 0,75 puntos

TABOADA Y RAMOS S.L.U.: capacidade de síntese moi boa e claridade expositiva da proposta moi alta, contido, definición, grado de detalle, grado de entendemento e adaptabilidade á obra dun 100%: 2 puntos

LICITADORES	a)	b)	c)	d)	e)	f)	PUNTOS
HORDESCON S.L.	1,50	2,00	2,25	2,00	2,00	0,75	10,50
TABOADA Y RAMOS S.L.U.	2,00	2,00	3,00	2,00	2,00	1,00	12,00

VALORACIÓN FINAL

LICITADORES	Análise proxecto e da execución das obras	Actuación medioambiental	Valoración
HORDESCON S.L.	8,50	10,50	19,00
TABOADA Y RAMOS S.L.U.	12,25	12,00	24,25

Para que conste aos efectos oportunos, firma o presente informe en Silleda, maio de dous mil vinte e séis.

Asdo. Ignacio José Alonso Díaz”

Os membros da Mesa de Contratación a vista do informe técnico transcrito anteriormente, por unanimidade, asume o seu contido íntegro dando a súa conformidade as valoracións que contén, quedando a puntuación total do contido do SOBRE A da seguinte maneira:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE A Xuízos de Valor
HORDESCON S.L.	19,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	24,25

A Mesa de Contratación, unha vez finalizado o acto de valoración do SOBRE A, acorda convocar a seguinte reunión para o día de hoxe para proceder á apertura do SOBRE B.

A Mesa de Contratación, procede á lectura das ofertas económicas presentadas co seguinte resultado:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO TOTAL
HORDESCON S.L.	193.791,07	40.696,12	234.487,19
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	169.954,38	35.690,42	205.644,80

Os licitadores ofertan as seguintes melloras das propostas no prego:

DENOMINACIÓN SOCIAL	MELLORA 01: Aumento de cuneta de seguridade (16,44 PUNTOS)	MELLORA 02: Instalación de suxeita colectores (7.32 PUNTOS)
HORDESCON S.L.	0,00	0,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	16,44	7,32

Examinadas as proposicións económicas, a Mesa constata que la oferta presentada pola licitadora HORDESCÓN, S.L. ascende a cantidade de 193.791,07 euros, IVA excluído, superando o orzamento base de licitación establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rixe a contratación.

De conformidade co disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non poden ser admitidas aquelas ofertas que excedan o orzamento máximo fixado para a contratación.

En consecuencia, a Mesa de Contratación **propón a exclusión** da oferta presentada por HORDESCÓN, S.L., ó non axustarse súa oferta as condicións económicas máximas establecidas.

Asimesmo, a Mesa acorda admitir a oferta presentada por CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U., o cumprir os requisitos establecidos nos pregos rectores da contratación, continuando dita entidade no procedemento.

Procédese á valoración das ofertas económicas presentadas aplicando os criterios recollidos nos pregos, de maneira que a puntuación do SOBRE B é a seguinte:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B
HORDESCON S.L.	EXCLUÍDO		
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	48,68	23,76	72,44

Tendo en conta a valoración dos criterios suxeitos a xuízos de valor que realizou a mesa de contratación na sesión do día de hoxe en base ó informe técnico do redactor do proxecto, as **PUNTUACIÓNS FINAIS** quedan da seguinte maneira:

A puntuación total dos SOBRES A e B é a seguinte:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN SOBRE A	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN TOTAL
HORDESCON S.L.	Excluído		

CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	24,25	72,44	96,69
--	-------	-------	-------

Polo exposto anteriormente, a mesa por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Propoñer a exclusión da empresa HORDESCON, S.L., ao exceder a súa oferta económica o orzamento base de licitación e o prezo máximo establecido nos pregos que rexen a contratación, incumprindo así unha condición esencial da licitación, polo que a súa proposición resulta inadmisíble.

SEGUNDO.- Ao existir unha única oferta validamente admitida tras a exclusión acordada no punto anterior, non procede realizar a clasificación das ofertas prevista no artigo 150 da LCSP, resultando a oferta presentada por CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U. a única susceptible de ser proposta como adxudicataria.

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1º	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	96,69
2º	HORDESCON S.L.	EXCLUÍDO

TERCEIRO.- Requirir á licitadora a CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U. con N.I.F. B94181807, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de obra “MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE (Concello de Silleda)” para que, dentro do prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 26 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 20 e o punto 26, así como as pólizas de seguro recollidas no punto 20, ambas do Anexo I do PCAP.

A presidenta da por rematada a reunión ás 14:30 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura da presidenta, e dou fe.

O Secretario	VºBº.
David García Lareo	A Presidenta
	Paula Mª Fernández Pena”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A exclusión da empresa HORDESCON, S.L., ao exceder a súa oferta económica o orzamento base de licitación e o prezo máximo establecido nos pregos que rexen a contratación, incumprindo así unha condición esencial da licitación, polo que a súa proposición resulta inadmisíble.

SEGUNDO.- Continuar co procedemento de licitación e requirir á licitadora CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U. con N.I.F. B94181807, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de obra “MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE (Concello de Silleda)” para que, dentro do prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 26 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 20 e o punto 26, así como as pólizas de seguro recollidas no punto 20, ambas do Anexo I do PCAP.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo.

Expediente 717/2026. Reparcelación Parque Empresarial Área 33, innecesariedade de licenza de segregación ou parcelación.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que consta no expediente o documento nomeado “*Proxecto de Reparcelación*” Código de proxecto 2604.003_SLD asinado en abril de 2026 por Don Alfonso Botana Castelo, Arquitecto Colexiado nº 2405 do COAG.

Visto que consta no expediente Providencia de Alcaldía de data na que se dispón: “*Que polo arquitecto municipal se emita informe técnico sobre a actuación proposta, pronunciándose expresamente sobre a **innecesariedade de licenza de segregación ou parcelación** destas parcelas, ou, se é o caso, sobre a tramitación urbanística que proceda.*”

Visto que constan no expediente distintas certificacións catastrais das parcelas 36052A049010130001LU e 36052A049010120001LZ.

Visto que con data 12 de maio de 2026 preséntase por parte de Don Alfonso Botana Castelo o documento “*Proxecto de Reparcelación*” Código de proxecto 2604.003_SLD con rexistro de entrada neste Concello nº 2026-E-RE-803.

O informe asinado polo Arquitecto municipal, Don Lino Doporto Framil, en data 13 de maio de 2026, aclárase o seguinte nos antecedentes de feito:

“1.1.En conversación telefónica requírese ao redactor para que aporte a documentación sinalada no artigo 355.2.b do RLSG, sinalada no punto 5.b deste informe técnico. En consecuencia, aportouse novo documento asinado dixitalmente por Alfonso Botana Castelo, arquitecto Colexiado 2405 e presentado con rexistro de entrada 2026-E-RE-803 de 12 de maio de 2026.”

Visto que consta no expediente **informe favorable** sobre a innecesariedade de segregación das

parcelas con Referencia Catastral nº 36052A04901012 e 36052A04901013 sitas no Parque Empresarial Área 33, asinado polo arquitecto municipal, Lino M Doporto Framil, de data 13/05/2026.

Visto que consta informe xurídico asinado pola Secretaria municipal o 11 de xuño de 2026.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar a **INNECESARIEDADE de licenza urbanística de segregación ou parcelación** para a operación descrita no proxecto nomeado “*Proxecto de Reparcelación*” Código de proxecto 2604.003_SLD asinado en abril de 2026 por Don Alfonso Botana Castelo, Arquitecto Colexiado nº 2405 do COAG, consistente no reaxuste do lindeiro común entre os predios con referencia catastral 36052A04901012 (superficie de orixe de 5.600 m²) e 36052A04901013 (superficie de orixe de 9.156 m²), mediante a redistribución das súas superficies, resultando as seguintes parcelas:

- **Parcela resultante A**, cunha superficie de 7.185,86 m², cos lindeiros descritos no informe técnico municipal.

- **Parcela resultante B**, cunha superficie de 7.778,02 m², igualmente cos lindeiros descritos no citado informe.

Todo iso por tratarse dunha actuación axustada á realidade física existente e ás determinacións do planeamento urbanístico vixente, por non xerar parcelacións con lotes inferiores á parcela mínima edificable prevista no PXOM e por concorrer os presupostos previstos no artigo 150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no artigo 368.6.c) do Decreto 143/2016.

SEGUNDO.- Dispor que a presente declaración se emite exclusivamente respecto da operación e das parcelas identificadas no expediente 717/2026, para os efectos da súa acreditación en documento público e, se é o caso, da súa presentación perante o Rexistro da Propiedade, sen prexuízo de cantos outros títulos habilitantes, controis ou autorizacións resulten exixibles para actuacións distintas da aquí examinada.

TERCEIRO.- Incorporar como anexos do presente acordo, para os efectos da súa plena determinación, unha copia certificada do plano parcelario e as fichas descritivas das parcelas resultantes que constan no expediente, co fin de garantir a claridade do obxecto e a congruencia documental do pronunciamento municipal.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados que consten no expediente, con indicación dos recursos que procedan, e dispoñer a expedición pola Secretaría da correspondente certificación literal do acordo e dos seus anexos, con constancia da súa autenticidade e

integridade, para os efectos da súa eventual incorporación literal a documento público.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais competentes para os efectos da correspondente comunicación catastral da nova configuración física dos predios resultante da operación descrita.

Expediente 1808/2023. Devolución de aval

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data 19.08.2024, Rexistro de Entrada 2024-E-RE-1244 e data 15.07.2025, Rexistro de Entrada n.º 2025-E-RE-1327, por ANTONIO FERNANDEZ COBOS en representación de INELCOM PROYECTOS, SOCIEDAD LIMITADA con C.I.F. B09661067, preséntanse escritos de solicitude de devolución de aval constituído para a Licenza ou Autorización Urbanística: “Construír canalización para introducir cable de telecomunicacións para mellorar a conectividade da estación base” no lugar de Framiñan, parroquia de Cortegada (Silleda).

Visto que con data 11 de xuño de 2026, polo Arquitecto Municipal emítase informe no que conclúe: “infórmase favorablemente a solicitude de Devolución da fianza, asinada por Antonio Fernández Cobos, en representación de INELCOM PROYECTOS, SOCIEDAD LIMITADA, presentada con rexistro de entrada 2024-E-RE-1244 de 19 de agosto de 2024”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a devolución do seguinte aval:

- Aval de CaixaBank, S.A., certificado de seguro nº 9340.03.2637482-93, polo importe de catro mil euros con cincuenta e catro céntimos (4.000,54 €).

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

Concello de Silleda



DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021